

LATÍN I

Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os instrumentos de avaliación serán os seguintes:

- Exames por escrito que recollan os temas tratados durante o período correspondente.
- Traballos de investigación por escrito, individuais ou en grupo, que poden ser expostos na clase.
- Control do traballo diario na aula.

Os criterios de cualificación serán:

- Exames por escrito: suporán o 80% da nota da avaliación.
- Traballos de investigación: suporán o 10% da nota da avaliación.
- Traballo diario na aula e respostas a preguntas orais e escritas: suporán o 10% da nota da avaliación.

Faranse, como mínimo, dous exames escritos por avaliación; o número total de ditas probas dependerá das necesidades que o grupo manifeste ao longo do curso.

Considerarase que o alumnado supera cada avaliación cando, ao aplicarse a ponderación a cada instrumento de avaliación e sumar os resultados, a puntuación total non é menor de cinco. Aplicarase o sistema de avaliación continua progresiva; en cada exame darase por suposto o coñecemento das avaliacións anteriores. Recuperarase cada avaliación suspensa se se aproba a seguinte. A materia será superada sempre que o alumnado acade un cinco, como mínimo, na avaliación ordinaria.

Ao tratarse dun sistema de avaliación continua progresiva, a nota da avaliación ordinaria será a nota acadada na terceira avaliación. Todas as cualificacións que cheguen, na súa aproximación decimal, a 5, ou pasen de 5, poderán ser redondeadas no seguinte enteiro, sempre e cando a persoa docente considere que esta aproximación será beneficiosa para o alumnado (exemplo: unha alumna que ten na 1.^a avaliación un 6,57 poderá ter no boletín un 7, se así o considera oportuno a persoa docente, mais tendo en conta que, para efectos de cálculos de medias, a que realmente se vai empregar é 6,57).

Haberá exames de recuperación para o alumnado que non acade o cinco e para aqueles que desexen subir nota antes de que remate a terceira avaliación. Se o alumnado obtén, no exame de recuperación, unha nota inferior á que tiña, a nota que se terá en conta será a máis elevada. No caso de que non se supere a avaliación ordinaria, realizarase un exame por escrito na avaliación extraordinaria. A nota máxima será un 10 e o alumnado deberá obter un 5, como mínimo, para superar a materia. A nota deste exame suporá o 100% da nota da avaliación extraordinaria.

Criterios de recuperación:

Considerarase que o alumnado supera cada avaliación cando, ao aplicarse a ponderación a cada instrumento de avaliación e sumar os resultados, a puntuación total non é menor de cinco. Aplicarase o sistema de avaliación continua progresiva; en cada exame darase por suposto o coñecemento das avaliacións anteriores. Recuperarase cada avaliación suspensa se se aproba a seguinte. A materia será superada sempre que o alumnado acade un cinco, como mínimo, na avaliación ordinaria.

Haberá exames de recuperación para o alumnado que non acade o cinco e para aqueles que desexen subir nota antes de que remate a terceira avaliación.

Se o alumnado obtén, no exame de recuperación, unha nota inferior á que tiña, a nota que se terá en conta será a máis elevada.

Ao tratarse dun sistema de avaliación continua progresiva, a nota da avaliación ordinaria será a nota acadada na terceira avaliación.

No caso de que non se supere a avaliación ordinaria, realizarase un exame por escrito na avaliación extraordinaria. A nota máxima será un 10 e o alumnado deberá obter un 5, como mínimo, para superar a materia. A nota deste exame suporá o 100% da nota da avaliación extraordinaria.